



PLAN DE CONVIVENCIA



IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense



I. ANÁLISE

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e na resolución dos conflitos, a través da participación, boas canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta.

No contexto dun centro educativo, no que se dan simultaneamente interaccións entre diferentes persoas, a diferentes niveis e con obxectivos e intereses en ocasións contraditorios entre si, asumimos o feito de que é cotiá a existencia de conflitos de diferente índole. Partimos da base de que o conflito en si non ha de ser considerado como algo evitable ou negativo, senón que a abordaxe e resolución dos mesmos ha de ser positiva, de maneira que o resultado sexa satisfactorio para os diferentes implicados, na medida do posible. O conflito é inevitable, e asumímoloo como tal, pero temos que consideralo enriquecedor e como a manifestación de que a interacción humana é complexa e cargada de valoracións; con todo, non debemos confundir conflito con violencia.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo de cando en vez algún de forma esporádica, que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor. Nalgunha ocasión tense que tomar algunha medida máis severa. Esta baixa conflitividade vai desaparecendo nas etapas posteriores do centro (Bacharelato).

Non se observan problemas moi graves. Non ocorren feitos que alteren gravemente a convivencia, pero si se producen de cando en vez desaxustes e condutas contrarias á norma que é necesario corrixir porque interrompen o normal desenvolvemento das clases, afectan negativamente ao clima de convivencia e deterioran materiais e recursos do centro.



TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES

Segundo se reflicten nos partes de incidencia emitidos nos últimos anos son:

- Disrupción na aula: falta de respecto cara ao profesor ou profesora, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar con compañeiros ou compañeiras...
- Distracción e falta de atención.
- Esquezo do material para o desenvolvemento da clase.
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase.
- Desconsideración cara aos compañeiros ou compañeiras.
- Cuestionamento da autoridade do profesor ou profesora.
- Pequenas pelexas en espazos comúns (baños, patio, corredores...)
- Insultos de tipo racista, sexista ou sobre características físicas.
- Uso inaxeitado do móbil

II. OBXECTIVOS

O Plan de Convivencia tratará de conseguir os seguintes obxectivos xerais:

- Mellorar a convivencia no noso centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo.
- Desenvolver na comunidade escolar os valores de respecto, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, igualdade, formar persoas que se respecten a si mesmas, aos outros e que sexan responsables dos seus actos.
- Facilitar á comunidade educativa instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado.



- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente as competencias social e cidadá e da autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Procurar a mellora do clima escolar mediante cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Sensibilizar a todos os sectores da comunidade escolar da necesidade de formarse en habilidades sociais como medio de contribuír á resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos.

III.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS E DOS PROGRAMAS QUE FAVOREZAN A CONVIVENCIA E CONCRECIÓN DOS DESTINATARIOS E RESPONSABLES.

III.1.- MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN: actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia e a mellorar as relacións interpersoais entre todos os membros da comunidade educativa.

III.1.1.- ACOLLIDA: actividades que favorezan unha adaptación progresiva e faciliten o coñecemento das normas de convivencia e xerais do centro:

DESTINATARIOS	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
---------------	------------	--------------



<p>ALUMNADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Para o alumnado de 1º ESO procedente dos centros adscritos: no mes de xuño, se sanitariamente é posible, celebrase unha visita guiada polas instalacións do IES, organizada polo departamento de orientación, e na que colaborará alumnado de 1º ESO que acompañará ao alumnado de 6º de Primaria no percorrido polo centro, explicándolle normas básicas de convivencia e funcionamento do centro. • Para o resto do alumnado do IES: o primeiro día de cada curso escolar o alumnado será recibido no paraninfo, ou outro espazo habilitado, polo equipo directivo e o profesorado titor. Despois, dirixiranse á aula asignada co titor ou titora correspondente, quen procederá a informarlles sobre aspectos relevantes (horario, profesorado, calendario escolar ...). <p>Nas primeiras sesións de titoría realizaranse as actividades recollidas no PAT sobre coñecemento mutuo, normas do centro e da aula...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para o alumnado que se incorpora ao IES unha vez iniciado o curso: designarase un compañeiro/a titor, a proposta da titora ou titor do grupo, para que o axude nos primeiros días. • Plan de acollida para alumnado inmigrante: o centro conta cun plan específico para facilitar a incorporación e a integración do alumnado procedente do estranxeiro. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado titor</p> <p>Departamento de orientación</p>
<p>PROFESORADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Para o profesorado que se incorpora ao inicio de curso: <ul style="list-style-type: none"> — Presentación do equipo directivo, persoal non docente e xefatura do departamento correspondente. — Visita polo centro. — Entrega e cumprimentación de documentación. — Presentación do resto do profesorado no Claustro. • Para o profesorado substituto, que se incorpore ao longo do curso: <ul style="list-style-type: none"> — Presentación e reunión co equipo directivo. — Visita polo centro. — Comunicación, se é posible, co profesor ou profesora ao que substitúe. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Xefaturas de departamentos</p>
<p>FAMILIAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • No mes de setembro celebrase unha xornada de portas abertas para as familias do alumnado que se incorporará ao IES a 1º ESO, procedente dos centros adscritos. • Se a situación sanitaria o permite, ao comezo de cada curso escolar o profesorado titor reunirse coas familias do alumnado das súas respectivas titorías. A estas reunións tamén acudirá o equipo directivo. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado titor</p>



III.1.2.- DIFUSIÓN E REVISIÓN DAS NORMAS

DESTINATARIOS	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES
COMUNIDADE EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> • Difundir o plan de convivencia, as normas de organización e funcionamento do centro (NOFC) e os dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa a través de: <ul style="list-style-type: none"> — Entrega dun documento resumo. — Inclusión na web do centro do plan de convivencia, as normas de organización e funcionamento e o resto dos documentos do centro (proxecto educativo, plan de acción tutorial, plan xeral de atención á diversidade,...). — Información na 1ª reunión do profesorado titor/equipo directivo coas familias — Información ao alumnado a través das tutorías. • Diseñar actividades e formas de organización que posibiliten a participación do alumnado na formulación das normas do centro/aula, establecemento de sancións, difusión e avaliación do cumprimento, dentro do marco normativo. Por exemplo: <ul style="list-style-type: none"> — Celebrar reunións de representantes do alumnado para analizar distintos aspectos do plan de convivencia e das NOF. — Desenvolver traballos de análise do plan de convivencia e das NOF nas sesións de tutoría presenciais. — Levar a cabo as actividades recollidas no plan de acción tutorial sobre este aspecto. • Revisar periodicamente as normas, recollendo as suxestións de todos os membros da comunidade educativa. • Revisar nos departamentos, CCP e claustro, nas primeiras semanas de setembro, as normas incluídas no plan e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado. • Supervisar o grao de cumprimento das mesmas pola dirección do centro. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado titor</p> <p>Claustro</p> <p>Consello escolar</p> <p>Comisión de coordinación pedagóxica</p> <p>Comisión de convivencia</p>

III.1.3.- MEDIDAS DE COORDINACIÓN

DESTINATARIOS	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo do traballo en equipo do alumnado e como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Departamentos didácticos</p>



	<ul style="list-style-type: none"> • Unificar medidas e procedementos de intervención. • Garantir unha actuación homoxénea na aplicación das correccións. • Comunicación cos centros de Primaria adscritos ao IES. Dito contacto levarase a cabo, con carácter xeral, a través da xefatura do departamento de orientación. Celebrará una reunión co profesorado titor, de apoio e persoa orientadora de 6º de primaria para , se procede, o intercambio de información do alumnado que se incorpora á educación secundaria obrigatoria e recollida de datos para a formación dos grupos. 	<p>Departamento de orientación</p> <p>Comisión de coordinación pedagóxica</p>
--	---	---

III.1.4.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

DESTINATARIOS	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver, nas horas de titoría da ESO, as actividades e programas recollidos no PAT relacionados coa prevención de condutas contrarias á convivencia e a mellora das relacións interpersoais: <ul style="list-style-type: none"> — Elaborar as normas de convivencia da aula, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre o alumnado, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas. — Explicar as normas de convivencia do centro, os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen no caso de condutas contrarias á convivencia. — Realizar actividades específicas para mellorar o clima da aula. — Levar a cabo os programas dos bloques CONVIVIR, SER PERSOA e PENSAR: prevención do acoso escolar, habilidades sociais, prevención do consumo de drogas, educación afectivo-sexual e igualdade de xénero, desenvolvemento emocional e autoestima, interculturalidade, uso das TICs e as redes sociais, prevención da violencia en xeral, da violencia de xénero e da homofobia e xenofobia, hábitos e técnicas de estudo... • Utilizar as sesións de titoría para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso. • Na biblioteca do centro haberá unha sección dedicada a bibliografía sobre temáticas variadas de interese para o alumnado: sexualidade, drogas, trastornos de alimentación, igualdade e prevención de violencia de xénero, resolución pacífica dos conflitos,... 	<p>Profesorado titor</p> <p>Departamento de orientación</p> <p>Entidades externas colaboradoras (Cruz Vermella, Concello de Ourense, Asociacións, Policía nacional...)</p> <p>Vicedirección ¿?</p>



<p>PROFESORADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinarse co profesorado tutor. • Revisar o expediente persoal de cada alumno e de cada alumna, para un previo coñecemento da súa realidade. • Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos. • Informar ao departamento de orientación, sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico. • Colaborar co departamento de orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo. • Diseñar e desenvolver, en colaboración co departamento de orientación, algún programa facilitador da detección precoz de dificultades de convivencia e de relación. • Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración. 	<p>Profesorado tutor</p> <p>Profesorado</p> <p>Departamento de orientación</p>
<p>FAMILIAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas sobre o que precisen e demanden, en especial, da importancia da promoción da autonomía das fillas e fillos, dos valores que hai que transmitir, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática. • Prestarlles asesoramento ante conflitos ou situacións problemáticas que poidan ter coas súas fillas e fillos. • Asesoralas sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e fillas. <p>A tal fin:</p> <ul style="list-style-type: none"> — Todo o profesorado contará no seu horario cunha hora de atención ás familias que asegura a mutua colaboración. — O profesorado tutor celebrará unha reunión colectiva coas familias a principio de curso e entrevistas individuais o resto do ano académico. — A orientadora recibirá ás familias que precisen un asesoramento individualizado. — O equipo directivo prestaralles apoio individual e realizará reunións colectivas nos momentos e cursos que estime oportuno. 	<p>Profesorado tutor</p> <p>Profesorado</p> <p>Equipo directivo</p> <p>Departamento de orientación</p>

III.1.5.- MEDIDAS ORGANIZATIVAS E CURRICULARES



DESTINATARIOS	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES
<p>PROFESORADO</p> <p>ALUMNADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión. • Mellorar os espazos físicos. Co fin de crear un clima agradable e acoledor e apreciar o centro como algo propio e valioso, levaranse a cabo, entre outras, as seguintes medidas: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Expoñer traballos do alumnado. ✓ Deseñar campañas de sensibilización sobre a importancia de coidar os espazos físicos do centro e respectar o material común. ✓ Decorar as aulas e os outros espazos. ✓ Manter limpas e ordenadas as aulas e as zonas comúns. ✓ Mellorar as zonas de ocio. • Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades evitando as exclusións. <ul style="list-style-type: none"> ✓ Realizar entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos demais procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos. ✓ Transmitir na aula mensaxes de acollida de todos as compañeiras e compañeiros nos nosos xogos/traballos en grupo. ✓ Desenvolver xogos cooperativos que poden ser un bo antídoto contra a violencia. • Vixiar as zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas... • Adoptar acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática. • Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro. • Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención. • Solicitar o apoio e o asesoramento da persoa orientadora ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Departamentos didácticos</p> <p>Departamento de orientación</p> <p>Comisión de coordinación pedagóxica</p>



- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade e para que o alumnado poida expresar ideas coa finalidade de mellorar o funcionamento do centro:
 - ✓ Caixa de reclamacións, queixas e suxestións;
 - ✓ Vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- Potenciar o funcionamento da comisión da convivencia.
- Establecer as funcións dos departamentos/equipos, CCP, comisión de convivencia, claustro e consello escolar en relación coa aplicación, revisión e desenvolvemento do plan de convivencia.
- Establecer na programación xeral anual concrecións anuais de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensados e asumidos por toda a comunidade educativa que terán como referencia o plan de convivencia.
- Programar nos respectivos departamentos/equipos o calendario de actividades que hai que desenvolver para o logro dos obxectivos propostos na concreción anual do plan de mellora da convivencia, planificando espazos, tempos, instrumentos de avaliación e recursos necesarios.
- Diseñar actividades complementarias e participar en concursos que fomenten valores de respecto e tolerancia, incidindo no coidado do centro e nas interaccións persoais.
- Establecer criterios de agrupamento do alumnado nos distintos niveis. Agruparase nos seus grupos de referencia buscando a heteroxeneidade. No plan xeral de atención á diversidade recóllense todos os criterios por curso e etapa.
- Planificar situacións de “aprendizaxe cooperativa”. Esas aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta á diversidade do alumnado.
- Incluír actividades para favorecer o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Constituír grupos heteroxéneos de traballo na aula.
- Propoñer a tutoría entre iguais.
- Incrementar as actividades en parellas e pequenos grupos.
- Fomentar a través do traballo en grupo a valoración persoal de cada alumno, axudando a que perciban que as súas achegas son importantes para o grupo.
- Desenvolver as medidas ordinarias e extraordinarias, recollidas no plan xeral de atención á diversidade, para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.



	<ul style="list-style-type: none"> • Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento da competencia social e cidadá, co fin de promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas. • Educar sentimentos, actitudes e valores, ensinando a: <ul style="list-style-type: none"> — Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara ásemocións dos demais. — Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros. — Coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e compañeiras. — Ser asertivos superando a timidez e a inseguridade. • Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto das formulacións das outras persoas, argumentación, sinceridade e calma...), para facer do diálogo una estratexia habitual nas situacións da vida do centro. 	
--	--	--

III.1.6.-ACTUACIÓNS FORMATIVAS

DESTINATARIOS	DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Actuacións formativas en materia de convivencia: <ul style="list-style-type: none"> — Técnicas de resolución pacífica de conflitos. — Mediación como técnica de resolución de conflitos. — Potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden. — Participar en programas educativos relacionados con: prevención de drogodependencias, educación en valores, educación para a igualdade, programas de prevención de violencia de xénero... 	<p>Profesorado titor</p> <p>Departamento de orientación</p> <p>Entidades externas colaboradoras (Cruz Vermella, Concello de Ourense, Asociacións, Policía nacional...)</p>
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> • Incluir no plan anual de formación do centro actividades formativas, propostas desde os departamentos didácticos, relacionadas coas distintas medidas recollidas no plan de convivencia e que aglutinen o maior número de profesores e profesoras posible. • Formación específica do profesorado sobre: <ul style="list-style-type: none"> — Prevención e resolución de conflitos. 	<p>Centro de formación do profesorado (CFR)</p> <p>Centro autonómico de formación e innovación (CAFI)</p> <p>Universidades e outras entidades públicas e privadas</p>



	<ul style="list-style-type: none"> — Prevención e actuación ante situacións de ciberacoso: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirilles aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e en caso de ameazas graves presentar a correspondente denuncia no organismo competente. — Mediación como técnica de resolución de conflitos. • Participación do profesorado, tanto a título individual como de pequeno e gran grupo, en programas e actuacións que ofrezca a Consellería e outras entidades relacionados coa convivencia escolar. 	
<p style="text-align: center;">FAMILIAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia: <ul style="list-style-type: none"> — Prevención e resolución de conflitos. — Pautas para previr o acoso e outras formas de violencia. — Previr e actuar ante situacións de ciberacoso. — Mediación como técnica de resolución de conflitos. — Papel da familia na prevención de conflitos e dunha auténtica educación en valores. — Promover uns hábitos de vida saudables, nas súas fillas e fillos, previr e abordar as posibles situacións contrarias ás normas de convivencia, alteracións do comportamento... • Impulsar a creación de escolas de pais e nais. 	<p style="text-align: center;">Entidades públicas e privadas</p>

III.1.7.-PREVENCIÓN DO ABSENTISMO, DESESCOLARIZACIÓN E ABANDONO ESCOLAR TEMPERÁ

O protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar publicado pola Consellería de educación da Xunta de Galicia, recolle as seguintes medidas preventivas en relación coa promoción da asistencia a clase do alumnado e co seu éxito escolar:



DESTINATARIOS	DESCRIPCIÓN	RESPONSA
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> Realizar campañas informativas e de sensibilización sobre as causas e as consecuencias do absentismo escolar. Ofertar medidas e recursos que favorezan o desenvolvemento educativo do alumnado e compensen as carencias ou dificultades que poida presentar, especialmente no que ten que ver coas medidas de reforzo e apoio, coa adaptación dos materiais e cun currículo personalizado. Impulsar a colaboración con outros organismos e institucións que participan na atención, educación e desenvolvemento das e dos menores. 	<p>Equipo dire</p> <p>Departamen orientaci</p>
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> Controlar a puntualidade e o absentismo e informar puntualmente a xefatura de estudos e a familia. Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración. Participar nas actuacións formativas específicas que a administración educativa desenvolva, tanto no referido á interculturalidade como no que ten que ver coas metodoloxías colaborativas e coas medidas de apoio ao alumnado. Desenvolver nas aulas metodoloxías promotoras da inclusión, dentro dos principios de colaboración entre os distintos profesionais. 	<p>Profesorad</p> <p>Profesora</p>
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> Conciencialas sobre a importancia da educación na vida dunha persoa e informalas da obrigatoriedade que teñen as súas fillas e os seus fillos de asistir a clase de forma regular e do procedemento para trasladar as posibles faltas de asistencia a clase e como xustificalas. Facer uso das tecnoloxías da información e da comunicación para un contacto fluído entre o centro e as familias e para a comunicación inmediata das posibles incidencias, a través do ABALAR. Facilitar a presenza das familias no propio centro. Promover a colaboración de entidades privadas sen ánimo de lucro que teñen entre os seus fins actuacións de apoio social, familiar e educativo, e que poden ter grande influencia nas actitudes de familias e alumnado. Promover actuacións que faciliten o achegamento ao centro das familias e do alumnado en risco de exclusión. 	<p>Equipo dire</p> <p>Departamen orientaci</p> <p>Profesorad</p> <p>Profesora</p>

III.1.8.-PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR E O CIBERACOSO



Moitas das medidas expostas neste punto III.1 contribúen a previr o acoso escolar e aparecen recollidas no protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, publicado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas neste documento para a prevención do acoso escolar, aínda que se indican neste apartado algunhas máis específicas e particulares do ciberacoso, extraídas do protocolo da Consellería de Educación.

DESTINATARIOS	DESCRICIÓN	RESPONSABLES
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). En concreto, algunhas recomendacións habituais son: <ul style="list-style-type: none"> — Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. — Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueloutros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen. — Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente. — Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios etc.; tampouco datos persoais de terceiras persoas. — Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web. • Consellos para non acosar: <ul style="list-style-type: none"> — Concienciarse de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. — Promover o respecto e a prudencia. • Consellos para non ser acosado: <ul style="list-style-type: none"> — Ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. — Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando temas persoais. — Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso. • Consellos para non tolerar o acoso: 	<p>Profesorado</p> <p>Equipo directivo</p> <p>Departamento de orientación</p> <p>Entidades externas colaboradoras (Cruz Vermella, Concello de Ourense, Asociacións, Policía nacional...)</p>



	<ul style="list-style-type: none"> — Mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. — Mostrarse conciliador e denunciar sen demora. 	
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias. • Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora etc.). • Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder etc.). • Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados etc.). • Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos. • Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas. • Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas. 	<p>Coordinador das TICs</p> <p>Profesorado</p>
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos ou das súas fillas, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduros ou maduras. • Aceptar Internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben. • Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles. 	<p>Equipo directivo</p> <p>Profesorado</p> <p>Departamento de orientación</p>



	<ul style="list-style-type: none"> • Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza doutros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla; é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais. • Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web. • Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas. • Manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes. 	
--	--	--

III.1.9.- OUTROS PLANS E PROTOCOLOS:

No portal da Consellería de Educación www.edu.xunta.gal (educonvives.gal) recóllense outros plans e protocolos que inclúen medidas preventivas e de intervención:

- Plan de actuacións para a igualdade entre mulleres e homes nos centros educativos.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

III.2.- MEDIDAS DE INTERVENCIÓN: medidas correctoras que actúan cando os conflitos ou situacións contrarias á convivencia se manifestan.

III.2.1.- CORRECCIÓN DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA: ver punto VI.3 deste plan.

III.2.2.- CORRECCIÓN DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA: ver punto VI.2 deste plan.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, recolle no Capítulo IV, os procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

A corrección destas condutas require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos: conciliado e común.

III.2.2.1.- Procedemento conciliado:

Os artigos 49, 50 e 51 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, recollen



os requisitos necesarios para poder aplicarse, os pasos do desenvolvemento do procedemento conciliado e as persoas implicadas no mesmo.

Este procedemento *“pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa”*.

III.2.2.2.- Procedemento común:

Utilizarase cando a alumna ou alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

O artigo 53 do Decreto recolle o desenvolvemento de este tipo de procedemento.

III.2.3.- AULA DE CONVIVENCIA: Completar este apartado

III.2.4.- PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS:

No artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, contéplanse os programas de habilidades sociais como unha medida complementaria para a mellora da convivencia.

Ademais dos programas que se levan a cabo con todo o alumnado con carácter preventivo, no marco do PAT, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

III.2.5.- PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR:

A mediación escolar é un proceso de resolución de conflitos que consiste na intervención dun alumno ou alumna que intenta que as partes en conflito cheguen a un acordo mediante o diálogo. Está pensado para resolver conflitos entre iguais, non para casos de acoso escolar.

A mediación ten que ser libre e voluntaria e o mediador ou mediadora ten que ser aceptado polas partes en conflito e imparcial.

O proceso de mediación esixe a formación do alumnado e do profesorado no manexo dunha serie de técnicas de carácter asertivo e de escoita activa que fomentan a cultura do diálogo e do acordo, ademais de aprender determinadas habilidades sociais que melloran o desenvolvemento persoal. Polo tanto, este programa poderá desenvolverse previa formación do profesorado e, unha vez formado este, do alumnado interesado no programa.

A coordinación da mediación realizaríase a través do Departamento de Orientación, en colaboración coas titorías e baixo supervisión da Xefatura de Estudos. Cada intervención supón a firma dun



acordo. Faríase un seguimento deste acordo para ratificar que o conflito quedou solucionado. Ao final do curso o alumnado que participe no programa, axudado polo coordinador do mesmo, realizará unha memoria e avaliará a eficacia do programa.
Na actualidade, no noso IES non existe un servizo de mediación.

III.2.6.- INTERVENCIÓN ANTE O ACOSO ESCOLAR: ver punto IV do presente Plan..

IV PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo de 2011). Artigo 28: “Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

Ante a presenza dun posible acoso escolar, seguiremos a seguinte **secuencia**:

IV.1. Actuacións inmediatas de “carácter urxente”

IV.1.1. Coñecemento da situación e comunicación inicial ao equipo directivo

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento expreso dunha situación de intimidación ou acoso sobre algún alumno ou algunha alumna, ou considere a existencia de indicios razoables, porao inmediatamente en coñecemento do titor/a, dun profesor/a, do orientador/a, ou dun alumno/a, segundo o caso, quen o comunicará ao Equipo Directivo.

Este primeiro nivel de actuación corresponde, polo tanto, a todos e cada un dos membros da comunidade educativa. O receptor da información, dacordo co seu nivel de responsabilidade e funcións sobre o alumno, trasladará a información ao Equipo Directivo.

IV.1.2. Valoración Inicial e primeiras medidas

O Equipo Directivo, co asesoramento da orientadora e do titor/a do alumno/a:

a) Completará a información e efectuará unha primeira valoración, con carácter urxente, acerca da existencia ou non, dun caso de intimidación e acoso cara un alumno. Pasos a seguir:

a. Recollida de datos. Asegurar a máxima confidencialidade.



- b. Entrevistas con:
 - i. Presunta vítima.
 - ii. Observadores non participantes.
 - iii. Presunto (s) acosador (es) ou presunta(s) acosadora (s)
 - b) Iniciará as actuacións que correspondan segundo a valoración realizada, entre elas a comunicación ás familias.

Todas as actuacións realizadas ata o momento quedarán reflectidas nun informe escrito, que quedará depositado na Xefatura de Estudos.

IV. 2. Actuacións posteriores en caso de que se confirme a existencia de comportamentos de intimidación e acoso entre alumnos/as

As actuacións coordinadas polo Equipo Directivo, co apoio da orientadora do Centro e o titor/a do alumno/a, e que poden adoptarse con carácter simultáneo, son as seguintes:

IV.2.1. Adopción de medidas de carácter urxente

A partir da valoración previa, levaremos a cabo as medidas seguintes que van dirixidas a evitar a continuidade da situación e que son as que marca o protocolo:

- a) Medidas inmediatas de apoio directo ao alumno/a afectado/a (vítima do acoso/intimidación)
- b) Revisión urxente da utilización de espazos e tempos do Centro, cos mecanismos de control correspondentes.
- c) Aplicación das Normas de Convivencia, se estimase aconsellable, tendo en conta a posible repercusión sobre a vítima.
- d) Segundo o caso, posta en coñecemento e denuncia da situación nas instancias correspondentes.

IV.2.2. Comunicación da situación

Comunicaremos a situación de acoso escolar a:

- a) Ás familias dos alumnos implicados, tanto das vítimas como dos agresores.
- b) Á Comisión de Convivencia do Centro.
- c) Ao titor/a e equipo de profesores/as do alumnado e a outros profesores e profesoras relacionado/as.
- d) A outro persoal do Centro, se se estimase conveniente (conserxe, por exemplo).
- e) A outras instancias externas ao Centro (sociais, sanitarias e xudiciais) segundo a valoración inicial e a conveniencia.



- f) Ao Inspector do Centro.
- g) Ao Consello Escolar

IV.2.3. Plan de actuación

O desenvolvemento do Plan de actuación será coordinado polo Equipo Directivo, que proveerá os medios e recursos persoais necesarios, co asesoramento e apoio do orientador do centro e do titor/a do alumno/a.

O Xefe de Estudos coordinará a confección do documento, onde se recollerán as actuacións cos afectados/as directamente (víctima e agresor/es), cos compañeiros e compañeiras máis directas dos afectados/as, coas familias dos afectados/as, cos profesores e profesoras en contacto coas vítimas e agresores/as e no Centro en xeral, de entre as seguintes:

1. Cos afectados/as directamente.

a) Coas vítimas.

- Actuacións de apoio e protección expresa ou indirecta.
- Actuacións mediante programas, talleres e estratexias específicas de atención e apoio social.
- Actuacións de posible derivación a servizos externos (sociais, sanitarios,...).

b) Co agresor/a ou agresores/as.

- Actuacións con relación á aplicación das Normas de Convivencia por parte do Equipo Directivo.
- Actuacións mediante programas, talleres e estratexias específicas de modificación de conduta e axuda persoal.
- Actuacións de posible derivación a servizos externos (sociais, sanitarios, a ambos...)

c) Cos compañeiros máis directos dos afectados.

- Actuacións dirixidas á sensibilización e apoio entre compañeiros e compañeiras.

2. Coas familias dos afectados/as.



- Actuacións orientadas a recoñecer indicadores de detección e intervención (recoñecemento de perfís de agredidos ou agredidas/agresores ou agresoras nos seus fillos e fillas).
- Actuacións para Informar sobre posibles apoios externos e outras actuacións de carácter externo.
- Actuacións de coordinación sobre criterios, pautas de actuación e actuacións concretas entre familia e Centro
- Actuacións para coordinar o seguimento.

3. Co profesorado en contacto coas vítimas e agresores/as.

- Actuacións orientadas a recoñecer indicadores de detección.
- Actuacións para acordar criterios e pautas de intervención e actuacións concretas.

4. No Centro, en xeral.

a) Co alumnado

- Actuacións dirixidas á sensibilización e prevención do acoso escolar.
- Actuacións dirixidas á detección de posibles situacións e o apoio ás vítimas.
- Actuacións dirixidas á non tolerancia co acoso e a intimidación.

b) Co profesorado.

- Actuacións dirixidas á sensibilización e detección de posibles situacións.
- Actuacións dirixidas á formación no apoio ás vítimas e na non tolerancia co acoso e a intimidación.
- Actuacións dirixidas á atención ás familias dos afectados.

c) Coas familias.

- Actuacións dirixidas á sensibilización, prevención e detección de posibles situacións de acoso.
- Actuacións dirixidas á formación no apoio ás vítimas e a non tolerancia co acoso e a intimidación.

d) Con outras entidades e organismos.

- Actuacións dirixidas a establecer mecanismos de colaboración e actuación conxunta con outras entidades e organismos que interveñan neste campo. Fundamentalmente coa Inspección de Educación e expertos nos casos graves.



IV.2.4. Seguimento do plan de actuación

Consideramos que o seguimento é fundamental e o faremos do seguinte xeito:

- a) Manteranse as reunións individuais que se estimen necesarias co alumnado afectado, así como coas súas familias, valorando as medidas adoptadas e as modificacións, no seu caso.
- b) Considerarase a posibilidade de aplicar cuestionarios de recollida de información.
- c) A Comisión de Convivencia será informada, podendo ser requerida a súa intervención directa nas diferentes actuacións.
- d) A Inspectora do Centro será informada en todo momento polo Director, quedando constancia escrita de todas as actuacións desenvolvidas.
- e) O Director manterá informado ao Consello Escolar sobre as actuacións que se leven a cabo.

A transmisión de información acerca das actuacións desenvolvidas, en caso de traslado de algún ou algúns dos alumnos afectados, estará suxeita ás normas de obrigatoria confidencialidade e de apoio á normalización da escolaridade dos alumnos.

IV.3. Actuacións posteriores en caso de que non se confirme a existencia de comportamentos de intimidación e acoso entre alumnos ou alumnas

Neste caso, as actuacións, coordinadas polo Equipo Directivo, co apoio e colaboración da orientadora do Centro e o titor/a do alumno/a, que poden adoptarse de forma simultánea, serán as seguintes:

- a) Comunicación á familia do alumno/a afectado/a. Realizaraa o titor/a co apoio e axuda da orientadora, no seu caso, e da Xefatura de Estudos. Vai dirixida a aportar orientacións referidas ao maltrato entre iguais e á información de posibles apoios externos (servizos sociais e/ou sanitarios); de todo o cal quedará constancia por escrito.
- b) Comunicación ao Equipo de Profesores e profesoras do alumno/a e outros profesores ou profesoras afectadas, se se estimase conveniente. Realizaraa o titor/a, co apoio e axuda da orientadora, no seu caso, e da Xefatura de Estudos. Vai dirixida a aportar orientacións referidas ao maltrato.
- c) Comunicación a outras instancias externas ao Centro (sociais, sanitarias, xudiciais) se se informou con anterioridade da existencia de indicios.



V. NORMAS DE CONVIVENCIA

As normas de convivencia están recollidas nas NOF

VI. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E Á SÚA CORRECCIÓN

VI.1. Conductas graves contrarias á convivencia

Son **condutas graves** contrarias á convivencia no centro:

- **Insultos, ameazas e agresións.** Se estas condutas se realizan en grupo e con reiteración, esta circunstancia considerarase un agravante.
- **Todo acto de discriminación sexista, racista, clasista, xenófobo** ou de calquera outra índole. Toda forma de machismo e misoxinia.
- **A difusión de mentiras e difamacións** por calquera medio, así como a **captación no centro, manipulación e difusión de imaxes** por calquera vía, especialmente cando sexan atentatorias contra a dignidade das persoas.
- **O acoso escolar.**
- **Os actos de desafío á autoridade, así como as faltas graves ao respecto do profesorado e do persoal administrativo e de servizos do centro..**
- **A falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.**
- **Os danos causados intencionadamente ou por negligencia ás instalación e aos materiais do centro e ás pertenzas dos membros da comunidade educativa.**
- **Roubos.**
- **A perturbación grave do normal desenvolvemento das actividades do centro,** incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- **O portar e amosar obxectos ou substancias perigosos para a saúde ou a integridade das persoas.**
- **Actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade física e moral das persoas. Particularmente, é unha falta grave fumar en todas as dependencias do centro** (patios incluídos) e, en horario lectivo, mesmo na rúa diante do centro



(isto é válido para o alumnado de bacharelato, que poden saír fóra nos tempos de lecer).

- **A reiteración de condutas leves contrarias á convivencia.**
- **O incumprimento das sancións.**
- **O incumprimento das Normas de Convivencia do centro.**

VI.2. Corrección das condutas graves

As condutas graves contrarias á convivencia levarán á apertura dun “procedemento corrector” (no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa), que será **conciliado ou común** (segundo decisión da Dirección), do que resultará a proposta dalgunha das medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- Cambio de centro.
- Cambio de grupo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes e realización na casa dos deberes ou traballos que se lle marquen.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas e realización das tarefas e traballos que se lle marquen.
- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

Calquera destas medidas é compatible coa obriga do alumnado (as familias serán responsables civís: artigo 35.2 do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro) de:

- Reparar os danos que causen, individual ou colectivamente
- No caso de substraccións, restituír ou indemnizar



- No caso de agresións físicas ou morais, recoñecer a súa responsabilidade e presentar escusas, pública ou privadamente, segundo se determine.

Os actos de discriminación, especialmente os actos machistas, sexistas e/ou misóxinos, serán tratados con medidas reeducadoras, sen prexuízo doutras medidas correctoras que se apliquen.

VI.3. Condutas leves contrarias á convivencia

Son **condutas leves** contrarias á convivencia:

- O **incumprimento das Normas de Convivencia do Centro**, sempre e cando as condutas que dean lugar a este incumprimento non teñan a consideración de condutas graves.
- **Insultos, ameazas, agresións e todo acto de discriminación** sexista, racista, machista, misóxino, clasista, xenófobo ou de calquera outra índole que, por especiais circunstancias que concorran, non acaden a consideración de gravidade.
- Os actos **de desafío á autoridade do profesorado** e do persoal administrativo e de servizos do centro que non acaden a consideración de gravidade.
- Causar intencionadamente ou por negligencia **danos ás instalacións e aos materiais do centro** e ás pertenzas dos membros da comunidade educativa que non acaden a consideración de gravidade.
- Substraccións menores que, por especiais circunstancias que concorran, non acaden a consideración de gravidade.
- A **perturbación do normal desenvolvemento das actividades do centro**, incluídas as de carácter complementario e extraescolar, cando non acaden a consideración de gravidade.
- Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade física e moral das persoas que non acaden a consideración de gravidade.
- **Uso do teléfono móbil** en horario lectivo, en calquera dependencia do centro.



- O tirar papeis, envurullas, desperdicios e calquera obxecto ao chan ou **ensuciar de calquera maneira** as instalacións do centro, o mobiliario e as pertenzas doutras persoas.
- **A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.**
- **A reiterada asistencia ao centro sen o material e o equipamento preciso.**

VI.4. Corrección das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia serán corrixidas con algunha das medidas que se enumeran a continuación:

- o **Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro** por un período de **ata tres días lectivos** e realización dos traballos que se lle marquen.
- o **Suspensión temporal do dereito de asistencia a determinadas clases** por un período de **ata tres días lectivos** e realización dos traballos que se lle marquen.
- o **Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias** do centro por un período de ata dúas semanas.
- o Realización de **traballos específicos en horario lectivo.**
- o **Realización, en horario non lectivo, de tarefas** que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- o **Comparecencia en Xefatura de Estudos só para o caso de que un membro do alumnado estea a impedir o normal desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe. O/a docente poderá derivar ao alumno/a á Xefatura de Estudos.**
- o **Cambio de grupo** por un período de **ata dúas semanas.**
- o **Amoestación escrita.**

VI .5 Comunicación das condutas contrarias á convivencia.



O profesorado terá ao seu dispor dous tipos de impreso para comunicar as condutas graves.

1. Parte Grave. Consignaranse as condutas susceptibles de ser consideradas polo docente gravemente contrarias á convivencia e, en todo caso, aquelas condutas que, por impedir o normal desenvolvemento das clases, obrigaron a derivar ao alumno ou alumna á Xefatura de Estudos.
2. Parte Leve. Consignaranse as condutas levemente contrarias á convivencia.

Ambos impresos serán autocalcables e o docente deberá entregar unha copia ao alumno/a, outra ao titor/a e outra a Xefatura de Estudos.

Ao tramitar un parte grave o docente deberá sempre comunicarse coa familia do alumno ou da alumna e trasladarlle os feitos.

VI.6. Desperfectos

O alumnado será responsable dos danos que por negligencia, mal uso ou conduta deliberada produza no mobiliario e nas instalación do centro e nas pertenzas doutras persoas. Independentemente da gravidade da conduta e independentemente das medidas correctoras que se apliquen en cada caso, a reparación dos desperfectos ocasionados deberá ser custeada polas familias. O centro remitirá aos titores ou titoras legais dos alumnos ou alumnas que ocasionen voluntaria ou negligentemente desperfectos copia das facturas por reparación dos danos producidos e instaranos a abonar ao centro o seu importe. Cando non se descubra o culpable dos desperfectos, o centro remitirá igualmente a factura a título informativo e unha nota explicativa aos titores/ titoras legais do alumnado implicado directamente ou que podería ter tido responsabilidade por acción ou omisión nos feitos ou na identificación dos autores/as dos feitos.

VI.7. Xurisdición relativa ás medidas correctoras

A seguinte táboa aclara a xurisdición correctora sobre as condutas contrarias á convivencia do alumnado, especificando que medidas pode aplicar directamente cada membro do profesorado no desempeño das súas funcións como docentes, persoas titoras ou cargos directivos.



PROFESORADO	PERSOA TITORA	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN
Medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia			
Comparecencia ante Xefatura de Estudos	Comparecencia ante Xefatura de Estudos		
Amoestación escrita	Amoestación escrita	Amoestación escrita	Amoestación escrita
Realización de traballos específicos en horario lectivo	Realización de traballos específicos en horario lectivo	Realización de traballos específicos en horario lectivo	Realización de traballos específicos en horario lectivo
	Realización, en horario non lectivo, de tarefas para a mellora e desenvolvemento das actividades do centro	Realización, en horario non lectivo, de tarefas para a mellora e desenvolvemento das actividades do centro	Realización, en horario non lectivo, de tarefas para a mellora e desenvolvemento das actividades do centro
		Suspensión de actividades extraescolares ou complementarias, ata dúas semanas	Suspensión de actividades extraescolares ou complementarias, ata dúas semanas
		Cambio de grupo, máximo unha semana	Cambio de grupo, máximo unha semana
			Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un



		período de ata tres días lectivos
		Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos



VII. DIFUSIÓN

Para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa, o Plan de Convivencia será divulgado, basicamente, a través de dous medios: a páxina web do instituto e os exemplares impresos depositados nos despachos da Dirección e da Xefatura de Estudos, na sala de profesores/as e nas oficinas.

No primeiro claustro de cada curso, o equipo directivo informará dos aspectos máis relevantes do Plan de Convivencia, en especial, do protocolo de acoso escolar. O profesorado que se incorpore unha vez iniciado o curso será informado pola Xefatura de Estudos.

A principio de curso, nas reunións do profesorado titor coa Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación, informarase do Plan de Convivencia e do protocolo de acoso escolar, e este informará ás familias na reunión inicial con elas.

Nas sesión inicial do titor ou titora co seu grupo, a persoa titora informará ao alumnado do Plan de Convivencia. Co alumnado da ESO desenvolveranse as sesións de tutoría incluídas no Plan de Acción Titorial destinadas ao coñecemento do Plan e das NOFC.

VIII. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa. Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión reunirse as veces establecidas neste plan e terase en conta:

- A memoria anual que realice a Comisión de Convivencia, que reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobada polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.
- Entre os indicadores que debería contemplar a memoria están:
 - O grao de consecución dos obxectivos.
 - O grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
 - O nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.



- Calidade e funcionamento das actuacións e materiais elaborados.